

## PRESENTACIÓN

Os homes e mulleres non somos obxecto dunha educación neutra, senón dunha educación influenciada por un proceso de socialización cunha transmisión de valores ben diferenciada e xerarquizada en función do xénero; un proceso de socialización que non outorgou o mesmo peso social á escala de valores transmitida aos homes e ás mulleres.

Cultura, normas, valores e actitudes que, inevitablemente, impregnan todo o sistema educativo converténdoo, á súa vez, nun elemento limitador do crecemento persoal do alumnado, xa sexan homes ou mulleres.

O sistema actual converteu os valores propios da cultura masculina nos referentes sociais e existenciais. Neste manual preséntase a recuperación e o recoñecemento da cultura desa outra metade da poboación que aínda non foi recoñecida: a cultura feminina, e dos seus valores.

Isto pódese levar a cabo dende a transversalidade; propónse recuperar o positivo de ambos os grupos, homes e mulleres, e telo como referencia do desenvolvemento humano. Así, podemos falar de potenciar a afectividade, a independencia, a comunicación, a creatividade, a corresponsabilidade, o desexo de superación, a defensa civilizada dos dereitos, o traballo en equipo, o saber escoitar, o diálogo, o respecto, etc.

Desta maneira é como a transversalidade enlaza co obxectivo perseguido pola educación: Desenvolvemento de todas as capacidades das persoas, coñecementos, valores e actitudes, co desexo de preparalas para a súa vida en sociedade.

Urxe entón que, no contexto do ensino – aprendizaxe se traballe por transmitirle ao alumnado o valor da igualdade de oportunidades, unha escala de valores libre de estereotipos sexistas e por desenvolver actitudes respectuosas coas diferenzas entre homes e mulleres.

Falamos entón de novos elementos que se teñen que introducir na programación, este manual xorde como resposta a esta necesidade e pretende desenvolver competencias conceptuais, metodolóxicas e actitudinais básicas e que pola súa característica transversal terán que ser tidos en conta ao deseñar todos e cada un dos elementos programáticos dos cursos para, así, poder propiciar cambios e transformacións nos mesmos.

### OBXECTIVOS XERAIS

Dotar o persoal docente dos cursos de formación e obradoiros do Concello de Pontevedra e a cidadanía en xeral de elementos teóricos que lles axuden a contextualizar a problemática derivada da discriminación por razón de xénero.

Axudar a comprender a implicación que ten o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no eido educativo.

Capacitar o persoal docente para a orientación e implicación do alumnado nas novas estratexias vinculadas no desenvolvemento de políticas de igualdade, facilitándolle ferramentas de intervención específicas na materia que nos ocupa.

Facilitar a identificación das barreiras existentes por razón de sexo dando propostas e solucións para superar estas barreiras.

## A EDUCACIÓN DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A educación, regulada e non regulada, no seu sentido máis amplo é por definición, unha educación para a convivencia; aprender a vivir con outros e outras implica saber compartir a partir dunha aprendizaxe participativa, que ten o poder de regular socialmente a convivencia.

Nos últimos anos, púxose de manifesto a importancia de analizar a formación e a capacitación dende diferentes ópticas, unha delas é a perspectiva de xénero.

A perspectiva de xénero permítenos reflexionar sobre a ideoloxía que se transmite nos espazos educativos a partir de: comportamentos, actitudes, saberes e competencias dende a identidade de homes e mulleres.

É así que dende a ollada de xénero distínguese nos espazos educativos a existencia de tres currículos:

O *currículo formal* que fai referencia ao enfoque pedagóxico, aos obxectivos, contidos, actividades de aprendizaxe, materiais didácticos, criterios de avaliación definidos e asumidos como un marco de referencia concreta que debe orientar o proceso de ensino – aprendizaxe.

O que se observa ata agora é que prevalece no enfoque pedagóxico e nos obxectivos unha visión que invisibiliza as mulleres e condiciona a asumir o modelo masculino como único.

Produto disto, os contidos, actividades, materiais presentan diferenzas e xerarquizacións entre homes e mulleres sentando pautas para relacións non equitativas a partir, por exemplo, da menor presenza das mulleres nos contidos e imaxes ou en posicións pouco activas, submisas, relacionadas frecuentemente co fogar.

Un exemplo é:

A *linguaxe sexista* que responde a unha ideoloxía androcentrista, entendendo o androcentrismo como un modelo no cal o home é o centro dos saberes e coñecementos. Desta maneira invisibilízase a experiencia e a participación das mulleres na sociedade.

A linguaxe é recoñecida como un produto social e histórico que inflúe na nosa percepción da realidade, por exemplo, o Dicionario da Real Academia Española inclúe 67 expresións da palabra home, das cales 37 son positivas, 23 neutras e 7 denigrantes; mentres engade só 12 expresións da palabra muller: 2 favorables, 1 neutra e 9 denigrantes.

Por outra parte, distínguese dende a perspectiva de xénero a presenza dun *currículo oculto* que reflicte o que verdadeiramente está a suceder nunha aula, é dicir, o non previsto formalmente respecto ás interaccións docentes/alumnado, a transmisión de mensaxes discriminatorias e a aceptación dos mesmos, o uso diferenciado do espazo dentro e fóra da aula por parte de homes e mulleres, o nivel e ámbito de participación, os criterios de disciplina non homoxéneos, a consideración limitada ou descualificación dalgunhas necesidades, intereses ou sentimentos segundo sexan expresados por todos ou todas, etc.

Este currículo transmite principalmente valores, estereotipos, actitudes e incluso axiomas non demostrables pero considerados socialmente válidos, por exemplo:

Asignamos o mesmo valor ás características tradicionalmente femininas (intuición, dependencia, docilidade) que ás masculinas (autonomía, racionalidade, seguridade)? probablemente non.

Estimulamos en ambos os xéneros a ousadía, sensibilidade, ambición, autoridade e expresividade?

Impulsamos da mesma maneira ás mulleres e homes a desenvolver a súa autoestima, confianza, liderado, autonomía?


Motivamos a expresión verbal e a capacidade de escoitar ao/á outro/a?

O currículo oculto xoga un papel preponderante na configuración de significados e valores que os/as docentes e o alumnado en moitos casos non son plenamente conscientes, o que dificulta o seu recoñecemento e a decisión de comezar un proceso sistemático de observación, autocrítica e prevención permanente.

Finalmente identifícase a presenza de *currículo omitido ou obviado* que fai referencia a un conxunto de situacións que tamén se presentan a diario nos espazos educativos. Son algúns temas non tratados, o non dar respostas a certos interrogantes, ignorar algúns sentimentos, necesidades, intereses, experiencias, coñecementos, habilidades ou destrezas, por exemplo; a problemática da violencia de xénero, acoso sexual, violación, corrupción, etc.

Todo o mencionado, implica polo tanto unha toma de posición respecto ao que é ou non relevante na educación, ou o rol formador da educación que non é neutral respecto ao xénero, a cultura, o status social e a idade.

Polo tanto, os espazos educativos convértese en escenarios potenciais de reforzo ou transmisión da discriminación mediante o cambio no proceso de socialización. A transformación apunta a ampliar os roles de varóns e mulleres, valorar as persoas polas súas capacidades reais, asegurar beneficios reais e equitativos para homes e mulleres e asegurar a igualdade de oportunidades, trato e condicións.



DEFININDO

## Distinción conceptos básicos:

**Sexo:** características biológicas presentes nun ser vivo que determinan a súa función na reprodución da especie, con base na cal defínese como macho ou femia. Nos seres humanos, o macho é denominado home e a femia, muller.

Porén, cada cultura atribúelles diferenciadamente aos sexos unha serie de características que non están en directa relación coa reprodución e que pautan as formas de actuar, pensar e sentir de cada un.

**Xénero:** rede de trazos de personalidade, actitudes, sentimentos, valores, condutas e actividades que, a través dun proceso de construción social, diferenza os homes das mulleres. Esta construción ten as seguintes características: é histórica e, como tal, nútrese de elementos que por ser mutables no tempo e no espazo son tamén susceptibles de modificación mediante intervencións; é ubicua no senso que permea a micro e macroesfera da sociedade a través do mercado de traballo, o sistema educativo, dos medios de comunicación, a relixión, do aparato político, da recreación, da familia, das relacións interpersoais, da saúde e da mesma personalidade; e é xerárquica porque a diferenciación que establece entre homes e mulleres, lonxe de ser neutra, implica valoracións que lles atribúen maior importancia e valía ás características e actividades asociadas ao home.

**Sistema sexo-xénero:** o xénero representa as diferenzas sociais por oposición ás biológicas entre mulleres e homes (sexo). Estas diferenzas foron aprendidas, mudan co tempo e presentan grandes variacións tanto entre diversas culturas como dentro dunha mesma cultura.

**Socialización:** proceso polo cal as persoas adquiren as condutas, crenzas, normas e motivos apreciados pola súa familia e polo grupo cultural ao que pertence.

**Socialización de xénero:** ao longo do desenvolvemento das sociedades, as mulleres e os homes, aprenden a través do proceso de socialización, o comportamento que cada un debe asumir de acordo co seu sexo. Esta diferenciación que abarca normas de comportamento, actitudes, valores, tarefas, espazos de circulación e maneiras de pensar, entre outras, onde o feminino queda supeditado ao masculino, transcende todas as esferas da vida e provoca relacións de poder e desigualdade desvalorizando o papel que cumpre tradicionalmente a muller na sociedade. Esta diferenciación non afecta só á muller senón tamén ao home, quen é o mesmo tempo vítima das expectativas sociais que se teñen sobre o seu comportamento e desempeño.

**Axentes socializadores:** son cada vez máis os axentes que exercen funcións socializadoras. A **familia** é onde se aprenden as primeiras normas de conduta. O proceso de socialización no ámbito familiar realízase a través dos roles que representan o pai e a nai, dada a súa función de modelos de comportamento a imitar, da adxudicación de xoguetes diferentes a nenas e nenos, dos contidos dos contos e do reforzamento diferencial dunhas condutas segundo respondan ás expectativas sociais de xénero; mais hoxe en día dificilmente a familia pode provocar a modelación desexada, xa que os nenos e as nenas ingresan máis cedo no **sistema educativo** onde os contidos escolares, a linguaxe e as imaxes dos libros de texto, o uso dos espazos de xogo e a interacción entre o profesorado e o alumnado contribúen á socialización diferencial de forma moi activa, tampouco hai que esquecer a televisión, elemento de modelación de moi fácil acceso, os **medios de comunicación**, a través do seu contido escrito ou oral como o das

imaxes que conteñen, reforzan os roles e os estereotipos de xénero. E como non, a **linguaxe**; a través dela noméase o que é percibido polas persoas. Aquilo que non se pode nomear tende a non ser sequera percibido, pensado, e finalmente, a non existir.

**A linguaxe sexista:** a linguaxe é o medio a través do cal nos comunicamos, polo tanto reflicte o pensamento colectivo, e con ela estamos a transmitir unha gran parte da forma de pensar, sentir e actuar de cada sociedade. A través da linguaxe estamos asumindo papeis de modo consciente e inconsciente, formando estereotipos sexistas.

O uso sexista e androcéntrico da lingua é o reflexo dunha cultura sexista na que se valoran as capacidades e funcións atribuídas aos homes, pero non se recoñece o valor social das capacidades e funcións que se lles atribúen ás mulleres.

Hai unha especie de resistencia lingüística a recoñecer o gran número de actividades desenvolvidas polas mulleres, e segue a se presentar a través dun uso lingüístico máis ca consolidado, unha imaxe desvalorizada e subordinada das mulleres con respecto aos homes.

A miúdo, incorremos nun sexismo lingüístico cando usamos formas incorrectas da linguaxe, cando escollemos unha palabra ou estrutura discriminatoria.

A linguaxe sexista exclúe as mulleres, dificulta a súa identificación ou asóciaas con valoracións negativas. O seu uso é discriminatorio e parcial, e impón barreiras arbitrarias e inxustas ao desenvolvemento persoal e colectivo.

No camiño cara á igualdade das mulleres e os homes, a linguaxe desempeña un importante papel, e a lingua ten os recursos precisos para nomear a mulleres e homes sen ocultar a ningúen e sen alterar as estruturas dos idiomas.

**Estereotipos sexistas:** representacións xeneralizadas e culturalmente aceptadas sobre as funcións sociais e os comportamentos que homes e mulleres deben amosar.

**Androcentrismo:** refírese a considerar os homes como o centro e a medida das cousas. É unha maneira de ollar o mundo, unha cosmovisión, na que o home é un referente a partir do cal existe a muller, como ser dependente e subordinado.

**Utilización do masculino xenérico:** é unha consecuencia do androcentrismo. O xénero gramatical masculino utilízase, por un lado, para o masculino, é dicir, como específico, e por outro, como xenérico (por exemplo, utilizar home como humanidade, ou alumnos para referirse a alumnos e alumnas). Coa utilización do masculino xenérico ocúltase a existencia das mulleres incluso nos casos en que elas sexan as principais protagonistas. A participación dun só home nunha actividade considérase suficiente para incluír a ese home e ese grupo de mulleres nun masculino que non reflicte a realidade, senón que nos afasta dela.

**Sexismo:** é a asignación de valores, capacidades e roles diferentes a homes e mulleres en función do seu sexo. Prodúcese cando se atribúen a mulleres e homes unha serie de características partindo de estereotipos sexuais de comportamento ou caracteres que aínda están viventes na nosa sociedade (por exemplo: homes fortes e mulleres débiles).

**Pares duais:** forma relacionada co sexismo. A mesma palabra en feminino e masculino adquire distinto significado ou matiz, habitualmente a acepción feminina corresponde a unha calidade

considerada negativa, a un grao de subordinación respecto ao home ou contén un matiz sexual ou moral (por exemplo: home público versus muller pública, o primeiro refírese a un suxeito coñecido e a segunda denótase como prostituta).

**Baleiros léxicos:** forma de sexismo. Unha palabra que só pode ser utilizada aplicada a un dos sexos xa que non ten o seu correspondente no outro sexo (por exemplo: harpía, cabaleirosidade, ninfomanía).

**Equidade:** igualdade no trato. Equivalencia en termos de dereitos, beneficios, obrigas e oportunidades. Xustiza no tratamento de homes e mulleres. A partir deste concepto pódense incluír tratamentos iguais e diferentes aínda que considerados equivalentes. A incorporación de criterios de equidade apunta a obter igualdade nos resultados.

**Igualdade entre homes e mulleres:** significa que ambos os dous sexos se atopan en igualdade de condicións para exercer plenamente os seus dereitos humanos, contribuír ao desenvolvemento económico, social, cultural e político e beneficiarse del. A igualdade entre homes e mulleres supón, entón, que a sociedade lles dea o mesmo valor ás súas semellanzas e diferenzas e aos papeis que desempeñan. Require que tanto os homes como as mulleres sexan membros de pleno dereito na súa familia, a súa comunidade e na sociedade. Podemos diferenciar a **igualdade formal**, que é a ditaminada polas diferentes lexislacións dos organismos públicos en materia de igualdade de trato entre mulleres e homes. Defenden que todos os seres humanos son libres para desenvolver as súas potencialidades e tomar decisións, sen verse limitados pola imposición dos roles de xénero, valórase e poténciase por igual as aspiracións e necesidades de mulleres e homes; e a **igualdade real**, que é a situación de equilibrio nas relacións entre homes e mulleres segundo a cal teñen as mesmas posibilidades para compartir o traballo, o poder, a toma de decisións e as responsabilidades familiares, valorando igualmente as súas capacidades, necesidades e contribucións como cidadáns e cidadás.

**Coeducación:** aplicación do enfoque de xénero no sistema educativo. Incorporación dos principios e prácticas da equidade que garantan a igualdade de dereitos entre mulleres e homes en todos os elementos do sistema (currículo, formación de persoal docente, práctica na aula, xestión, sistema de decisións, etc).

**Transversalización de xénero:** proceso de valorar as implicacións que teñen para os homes e as mulleres calquera acción que se planifique, xa se trate de lexislación, programas ou políticas, en todas as áreas e todos os niveis. É unha estratexia para conseguir que as preocupacións e as experiencias das mulleres, ao igual que as dos homes, sexan parte na elaboración, posta en marcha, control e avaliación das políticas e dos programas en todas as esferas políticas, económicas e sociais, de maneira que os homes e mulleres poidan beneficiarse igualmente delas e non se perpetúe a desigualdade. O obxectivo final da integración é conseguir a igualdade dos xéneros.

O sentido da transversalización de xénero na educación non é introducir contidos novos no currículo, senón máis ben organizalos ao redor dunha idea de educación non sexista, é dicir, dende unha postura crítica coa discriminación de xénero que voga pola súa eliminación.

**Discriminación directa:** situación na que se trata a unha persoa (por razón do seu sexo) dun xeito desfavorable.

**Discriminación indirecta:** situación na que unha lei, política ou acción aparentemente imparcial, teñen un impacto desproporcionadamente adverso sobre os membros dun ou doutro sexo.

**Discriminación ou acción positiva:** estratexias dirixidas a un grupo social determinado destinadas a establecer a igualdade de oportunidades por medio de medidas que permitan corrixir aquelas discriminacións que son o resultado de prácticas ou sistemas sociais, ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes.

**Políticas de igualdade:** marcos referenciais de actuación política que contemplan o principio de igualdade de trato, a través da elaboración de estratexias baseadas no dereito das mulleres a seren tratadas como cidadás, propoñen solucións para resolver as desigualdades por razón de sexo.

**Paridade:** representación equitativa de homes e mulleres en todos os ámbitos sociais, fundamentalmente nos políticos.

**Espazo doméstico:** identifícase co espazo tradicional das mulleres, un ámbito reprodutivo, un espazo de inactividade produtiva, no cal se leva a cabo a crianza dos fillos e das fillas, os afectos e o coidado das persoas dependentes. Non está remunerado.

**A corresponsabilidade:** é unha situación de superación dos roles de xénero no fogar común. Consiste en que entre homes e mulleres que conviven non haxa unha división funcional do traballo do fogar en función do xénero, senón, que ambos os dous, homes e mulleres, se responsabilicen por igual da organización e realización das tarefas necesarias para un correcto mantemento do espazo común.



**Espazo privado:** refírese ao espazo propio das persoas, o tempo libre afastado do espazo doméstico e do público. A privacidade é unha parcela da que gozan principalmente os homes, e no caso das mulleres tradicionalmente tende a confundirse co doméstico, roubándolles ese espazo para si.

**Espazo público:** identifícase co ámbito produtivo, co espazo da actividade, onde ten lugar a vida laboral, social, política e económica. É o lugar onde se colocaron tradicionalmente os homes. Está normalmente remunerado.

**Feminización da pobreza:** tendencia ao aumento da incidencia e prevalencia da pobreza entre as mulleres.

**Violencia de xénero:** vinculada ao desequilibrio nas relacións de poder entre os sexos no sector social, económico, relixioso e político, pese aos esforzos das lexislacións a prol da igualdade. Pódense distinguir, diferentes modalidades de violencia de xénero que van dende a agresión física –con resultado de morte en multitude de ocasións- ata a psicolóxica, a económica, a institucional e a violencia ou os acosos sexuais.

**Maltrato ou abuso psicolóxico:** o abuso sempre ten un compoñente de tipo psicolóxico e emocional que acompaña as agresións de calquera tipo. Os efectos deste tipo de maltrato son difíciles de superar posto que van minando a autoestima da vítima. Xeralmente, é o primeiro tipo de maltrato que se produce. Máis tarde pode desencadear en maltrato físico.

Exemplos deste tipo de maltrato psicolóxico poden ser: as frecuentes desvalorizacións, posturas e xestos ameazadores, condutas de restrición (control das amizades, limitación dos cartos e restricións de saídas da casa), condutas destrutivas e a culpabilización da muller nas condutas violentas do home.

**Maltrato ou abuso físico:** considérase maltrato ou violencia física calquera acción non accidental que provoque danos físicos ou enfermidades.

Exemplos deste tipo de agresións físicas: puñadas e patadas, apertar, retorcer ou beliscar forte algunha parte do corpo da vítima, tirarlle dos cabelos ou arrastrala por eles, facerlle cortes, ferila ou pinchala, esmagarlle a cara contra o prato da comida, obrigala a tomar medicamentos, psicofármacos, alcohol, drogas, etc., facerlle comer ou tragar á forza alimentos, lixo, papeis ou outros elementos, lanzar obxectos contra o seu corpo ou pegarlle con estes obxectos, perseguila ou acurrallala todo o tempo, botala da casa á forza, arrancarlle ou esgazarlle a roupa, abandonala en sitios descoñecidos.

**Maltrato ou abuso sexual:** considérase o establecemento forzado de relacións sexuais, sen a máis mínima contrapartida afectiva ou a imposición de condutas percibidas como degradantes pola vítima.

Exemplos deste tipo de agresións sexuais: esixir ter relacións sen ter en conta os desexos da muller, non aceptar as negativas, violala, ferila introducíndolle obxectos na vaxina ou no ano, obrigala a ter relacións sexuais ante outras persoas, contaxiarlle infeccións e enfermidades voluntariamente...

**Maltrato ou abuso económico:** a pobreza e a carencia de independencia económica é un tipo de maltrato e, ao mesmo tempo, é un factor que lles impide as mulleres fuxir das outras formas de violencia e que as fai máis vulnerables: a separación familiar e a submisión forzada da emigración económica, o perigo de converterse en man de obra barata e con frecuencia desprezada, a violencia extrema da prostitución, o turismo sexual, a migración ilegal...

**Acoso moral:** enténdese por acoso moral a manifestación permanente e sublime dunha conduta abusiva e especialmente de desgaste psicolóxico, que inclúe comportamentos, verbas, actos, xestos e escritos que poidan atentar contra a personalidade, a dignidade e a integridade física ou psíquica dunha persoa.

Trátase dun fenómeno circular, dunha serie de comportamentos deliberados por parte do agresor que están destinados a desencadear a ansiedade na vítima, o cal lle provoca unha actitude defensiva, que á vez, xera novas tensións.

**Acoso sexual:** comprende todo comportamento sexual verbal ou físico, non desexado pola persoa acosada, levado a cabo en distintos espazos da vida cotiá, aproveitándose dunha



situación de superioridade ou compañeirismo e que repercute nas condicións do contorno facéndooas hostís, intimidatorias e humillantes.

**Maltrato institucional:** enténdese por maltrato institucional calquera lexislación, procedemento, actuación ou omisión procedente dos poderes públicos, ou ben derivada da actuación individual do e da profesional, relacionada directamente ou indirectamente con el ou ela, que poida xerar situacións, por acción ou omisión, de desigualdade ou de negación ou perda de dereitos.

**Segregación profesional:** concepto que se aplica á concentración das mulleres e homes nun conxunto de ocupacións diferentes segundo o sexo. No caso das mulleres son ocupacións que teñen entre si a característica común de prolongar o rol de xénero no ámbito profesional. Explicaría a existencia de profesións altamente feminizadas como enfermaría, administración, limpeza... comparativamente, os homes distribúense nun número máis amplo de profesións e teñen máis opcións para elixir. Tamén existen profesións altamente masculinizadas como todas as relacionadas coa construción, a automoción, a minaría ou o exército. A segregación pode ser **horizontal**, cando existe concentración de homes e mulleres en sectores e empregos específicos; e **vertical**, cando existe concentración de mulleres e de homes en graos e niveis específicos de postos ou responsabilidades.

**Teito de cristal:** barreira invisible resultante dunha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas polo colectivo masculino, que lles impide ás mulleres acceder a postos destacados socialmente.

**Empoderamento:** aumento da participación das mulleres nos procesos de toma de decisións e acceso ao poder. Actualmente esta expresión implica tamén outra dimensión: a toma de conciencia do poder que individual e colectivamente ostentan as mulleres e que ten que ver coa recuperación da propia dignidade das mulleres como persoas.

**Feminismo:** corrente de pensamento en permanente evolución pola defensa da igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos os sexos. Constitúe unha forma diferente de entender o mundo, as relacións de poder, as estruturas sociais e as relacións entre os sexos. Esta nova maneira de observar a realidade, dende a perspectiva das mulleres, é o motor que está producindo máis cambios no presente século, no sistema e nos valores sociais, conseguindo que as institucións modifiquen as súas políticas sociais e económicas. Simone de Beauvoir fala do feminismo como un modo de vivir individualmente e de loitar colectivamente.



## METODOLOXÍAS DIDÁCTICAS

**Ensinar** é a actividade que posibilita a adquisición de coñecementos conceptuais e procedementais, e que ten como finalidade preparar as persoas para a vida laboral.

A **metodoloxía** é o camiño para alcanzar unha meta; as vías polas que o alumnado accede ao coñecemento. É a forma na que imos impartir os contidos, a vía que imos tomar para que aprendan de forma máis rápida e doada.

Sabendo que non existen metodoloxías mellores ou peores, a elección dunha ou doutra forma de ensinar vai depender de:

- A situación de ensino - aprendizaxe.
- As características profesionais da persoa docente.
- As características dos alumnos e alumnas, en particular, e do grupo, en xeral.
- Os recursos didácticos dispoñibles.
- O tempo destinado para a impartición do curso ou obradoiro e para as sesións formativas en cuestión.
- A materia que se ensina e os contidos que están ofrecendo nese preciso instante.
- O respecto que se lle preste aos principios que fundamentan os métodos didácticos:
  - Principio de intuición.
  - Principio de actividade.
  - Principio de funcionalidade.
  - Principio de adecuación ao alumnado.
  - Principio da reflexibilidade.
  - Principio da comunicación.
  - Principio da creatividade.
  - Principio da participación.

### Metodoloxías centradas na transmisión da información

- ✓ Consisten na transmisión de coñecementos no máis estrito senso da palabra.
- ✓ A persoa protagonista do proceso formativo: o/a formador/a
- ✓ Obxectivo que busca: a integración dos coñecementos por parte do alumnado.

#### Tipoloxía:

- **Organización lineal descendente:** a persoa docente expón a información.
- **Organización motivacional:** a persoa docente expón a información pero partindo de situacións relacionadas con ela.
- **Organización asociativa:** a persoa docente expón a información pero relacionándoa con coñecementos previos.

### Metodoloxías centradas nos procesos de aplicación

- ✓ Consiste na presentación por parte do formador ou formadora, dunha teoría, unha formulación que lle permitirá ao alumnado responder as dúbidas, cuestións, problemas que posteriormente presente o mesmo ou a persoa docente.
- ✓ Protagonista do proceso: alumnado e profesorado.
- ✓ O obxectivo que busca: a aplicación práctica da información recibida.

#### Tipoloxía:

- **Método demostrativo:** consiste en analizar o traballo por etapas e ir destacando os aspectos claves das mesmas.
- **Aprendizaxe no posto:** o alumnado aplicará o aprendido en clases prácticas.
- **Ensino programado:** a persoa docente prepara e organiza o material de maneira tal que o alumnado poida ir aprendendo por si só.
- **Sesión interrogativa:** o alumnado responderá as preguntas expostas pola persoa docente.
- **Resolución de casos:** a persoa docente expón unha información para a continuación, presentarlle ao alumnado situacións que debe solventar coa información recibida.

#### Metodoloxías centradas na actividade do alumnado

- ✓ Consiste en proporlles a alumnas e alumnos problemas aos que dar resposta.
- ✓ Protagonista do proceso: alumnos e alumnas.
- ✓ Obxectivo que busca: analizar e reflexionar sobre a realidade.

#### Tipoloxía:

- **Descubrimiento:** autoaprendizaxe a partir dunha mínima información ou situación creadas ao efecto polo profesorado.
- **Métodos creativos:** resolución, por parte do alumnado, de situacións novas para el.
- **Método titorial:** traballar por que o alumnado logre o seu proxecto dándolle un trato personalizado/individualizado.
- **Método por proxectos:** o alumnado, baixo a titorización do ou da docente, preparará todo un proxecto de traballo por si só.
- **Métodos individuais:** consiste en ensinar respectando o ritmo e a forma de aprendizaxe de alumnos e alumnas.

Os **recursos didácticos** son os materiais, soportes físicos nos que se apoia a persoa docente para transmitir os contidos teóricos, prácticos e actitudinais e serven para:

- Guiar, organizar, simplificar a exposición dos contidos ao ofrecelos de forma máis activa.
- Achanzar o camiño para o logro dos obxectivos.
- Achegarlle ao alumnado a realidade coa presentación de mensaxes audiovisuais, por exemplo.
- Afianzar a aprendizaxe dos coñecementos ao asociar imaxes con conceptos, reafirmar os contidos clave, sintetizar a información e facilitar a súa comprensión.
- Transmitir modelos válidos en canto a igualdade.

#### Criterios de selección:

- a) **Técnicos**, en canto a calidade.
- b) **Pedagóxicos**, en canto a funcionalidade. Para o alumnado, debe resultar un estímulo que manteña a súa atención no que se lle está a presentar; así como servir para fomentar a súa creatividade. O profesorado guiará o alumnado nas sesións formativas.

c) De **xénero**, que non sexan transmisores de estereotipos sexistas. Pode ocorrer que documentais, películas e recursos adquiribles no mercado lancen mensaxes ou imaxes que leven a interpretacións desafortunadas ou transmitan valores que fomenten a desigualdade entre homes e mulleres.

A **avaliación** é analizar cada unha das variables que mediaron no proceso de ensino - aprendizaxe. No proceso de avaliación establécense criterios ou indicadores para cada etapa do proceso formativo. Os criterios serán un reflexo do tipo e grao de aprendizaxe que tería que superar o alumnado. Terá sempre presente a variable xénero.

**Criterios a ter en conta para marcar os indicadores:**

- a) Que resulten uns indicadores establecidos a partir de obxectivos formativos.
- b) Que sexan uns indicadores que examinen as tres áreas de coñecemento do proceso de ensino - aprendizaxe: conceptuais, procedementais e actitudinais.
- c) Que sexan obxectivos; non nesgados polas expectativas do profesorado con respecto ao rendemento de alumnos e alumnas.
- d) Que sexan consecuentes coa metodoloxía e dinámica de traballo adoptadas na aula.

Metodoloxicamente os **temas transversais** trabállanse a tres niveis:

- **Nivel teórico:** consiste en por ao alcance do alumnado os conceptos, os fundamentos teóricos que lle sirvan para definir e analizar a realidade sobre a que se está a traballar no tema transversal. Exemplo; a teoría sexo - xénero ou o concepto de discriminación.
- **Nivel persoal:** consiste en propoñerlle ao alumnado actividades que lle fagan reflexionar sobre a súa actitude e comportamento fronte ao fenómeno da desigualdade. Xerar novos valores relacionados coa consideración de iguais, coa xustiza e a equidade. Exemplo: analizar expresións usuais que resultan lesivas para un grupo, crer que as mulleres non están capacitadas para certas tarefas, desvalorizar aquilo que se considera tipicamente feminino...
- **Nivel social:** consiste en extrapolar os novos valores adquiridos cara a outras realidades sociais nas que, é máis probable, poidan participar un día. Exemplo: situarse nunha contorna laboral e analizar as relacións de xénero.



## RECOMENDACIÓNS XERAIS PARA EVITAR PRÁCTICAS SEXISTAS E DISCRIMINATORIAS

1. *Evitar prácticas tendenciosas* : a menos que exista unha razón de peso, evitar designar actividades diferenciadas por sexo, xa que a maioría destas prácticas están asociadas con valores e crenzas estereotipadas. Destinar igual cantidade de tempo a homes e mulleres. Evitar que compitan entre eles e elas, fomentando a colaboración entre ambos os dous.
2. *Promover a participación dos que participan menos*: por exemplo, se as mulleres participan menos en certas actividades motívalas para que participen máis.
3. *Recoñecer estilos cognitivos entre mulleres e homes* e incluír estratexias de aprendizaxe que os consideren.
4. *Favorecer a autoestima das alumnas*: as investigacións dan conta de que as mulleres tenden a comportarse menos seguras que os homes. Cando as alumnas acerten nun traballo facelo notar, así como chamar a atención sobre as súas calidades. Mencionar as mulleres cando se fale de personaxes destacadas, así entréganselles modelos e exemplos a seguir tamén ás mulleres.
5. *Coñecer intereses de alumnos e alumnas* para consideralos nas clases.
6. *Crear un código ético non sexista no grupo e nas clases ou obradoiros*: en ocasións alumnas e docentes femininas son agredidas física e verbalmente de forma sexista (dende chistes que denigran as mulleres, contactos físicos molestos, etc.) Outra forma de agredir é humillar a alumnos e alumnas que non se adecúan ás pautas de comportamento que a sociedade lles asignou en función do seu sexo (chamando por exemplo “mulleriña” a homes que amosan unha maior sensibilidade).

A elaboración deste código favorece a reflexión entre o alumnado sobre distintos tópicos como os dereitos humanos, o tratamento que os medios de comunicación dan a homes e mulleres; a diferenza entre humor e sexismo e entre piropro e acoso, as preferencias sexuais das persoas, entre outros.
7. *Erradicar unha cultura da violencia nos varóns*: non ridiculizar a nenos que choran ou prefiren xogos e actividades non adecuados ao seu sexo, non fomentar a agresión física e verbal entre o alumnado, promover actividades onde os mozos poidan falar dos seus sentimentos, facer análise dos comportamentos violentos como comportamentos negativos para a sociedade.
8. *Espertar no alumnado o sentido da responsabilidade social*.
9. *Utilizar unha linguaxe non sexista*.
10. *Recordar que, a persoa docente é o referente do alumnado*; a súa actitude ante os conflitos, a diversidade de opinións e a vida son unha fonte de valores e crenzas.